



Xavier Alcalá

TUSITALA



NIGRA

HOTEL DAMASCO

Primeira parte:

Historias dos anos 20

— I —

Don Emeterio Suárez de Valcarría e Candia era moi cazador, e mullereiro. É fama en toda da redonda da vila que, vindo tempo de tiro, alá se andaba el nas montañas, día tras doutro sen pensar máis que en pelo e pluma, encirrado polo cheiro da pólvora. Por veces pillábano as neves e non retornaba á casa en semanas —sen grande preocupación por parte dos seus lexítimos, pois todo estaba preparado para as ausencias do señor: a súa dona gobernáballe a casa e os nove fillos, e un mancebo tomaba conta da botica, onde tertulia, baralla e dominó se mantiñan con comentarios e suposicións sobre as andanzas do farmacéutico.

Porque don Emeterio, fidalgo con moitas terras e foreiros, fixera estudos en Santiago e mantiña aberto o negocio non por necesidades de mantenza, que todo o mundo ten, senón polas de diversión e poder, que ambas as dúas cousas dá unha apoteca con sona de remedio e curación...

Alén dos nove fillos habidos con dona Celsa Seoane, outros tivera o señor e, dependendo da mai de cada un e de certas circunstancias (a de asegurar paternidade, a principal), foi dando trato diferente ás criaturas do seu sangue. É sabido que ao Mariano de Maricarmela dos Muíños, costureira lindísima, "estudiouno" como alá se di e o mozo seguiu profesión con varios dos medios irmáns, avogados nas partes de Ferrol e Betanzos.

Con todo, as saídas para os fillos espurios mormente non serían polo camiño da escola, o xiz e as letras. Sen mestre ficou, por exemplo, o Manuel Varela.

A historia do Manuel comezou nun fiadeiro en casa grande dun lugar empoleirado na montaña, por nome Soacinsa, quizais así chamado porque alá houbese volcán, ou ferrería con fume e cinsa, na Idade dos Mouros.

En Soacinsa, por tempos de caza, a neve colleu unha partida de señores que comandaba don Emeterio. Houbo que acomodalos e chegaronse a ver matrimonios durmindo nas cortes para lle deixaren cama a xente tan principal da vila.

Nun deses días perdidos de falopa e vento, sendo horas de fiadeiro xuntouse mocerío e cazadores e, logo de moito piar, cantar e regueifar, a vella da casa dixo:

—A rapaza que lle gusta a don Emeterio é a quen ten a rosquilla.

E certamente así fora o modo de se expresar o boticario, con regalo de fariña e azucre. A rapaza entendeu e cumpriu os seus deberes.

Pasaron as neves e veu a primavera a cantar con moita flor amarela pola face dos montes. Entrou logo o verán e don Emeterio marchou coa familia a tomar as augas. No outono, xa el devecía polo estrondo da escopeta e os ladridos dos sabuxos. Nun día de frío e caza, mentres descansaban para botaren un grolo da bota, o seu criado monteiro veulle dicir en voz baixa:

—Don Emeterio, seica lle naceu un pequeno alá por Soacinsa.

O patrón ollou para aquel Vicente da Rula con ollo de auga claríña e respondeu:

—Daquela colle o cabalo, vai mirar a cría e dime logo se se che me parece.

Así debeu facer o da Rula (outra cousa non supuña don Emeterio) e voltou cun informe que non deixaba lugar á dúbida:

—Cuspidiño. Só lle faltan os bigotes, don Emeterio.

O señor farmacéutico retorceu as puntas dos seus apéndices pilosos, puntiagudísimos ao estilo Kaiser por virtude da tenaciña, e fixo o que coidou que cumpría:

—Mira, Vicente, compras na feira dúas cabras e mándasllas a aquela mociña, que nunca lle falte leite ao neno.

E tal ordenou porque el puidera comprobar que a primeiriza era un pouco escasa de peito.

Correron anos, se cadra vinte, e don Emeterio raramente se lembrou dun fiadeiro en Soacinsa. Vicente da Rula pasou a mellor vida, levado por un cancro que a morfina mal puido disimular; e daquel cativo serrán nunca máis escoitou o señor boticario, tendo por toda noticia —que lle deixou o criado— a boa condición en que medraba, acariñado pola nai e ben tratado polo sancristán de San Fiz, con quen ela acabou casando.

Un día, en tempo de eleccións, viñeron dar discurso na vila os partidarios do farmacéutico e, sentindo don Emeterio que diante de conservadores e xente de orde as cousas tiñan que andar ordenadas, mandou vir homes ao seu cargo que pintaron arredor do palco da música unha circunferencia branca no chan, ben visible. El, que xa peiteaba moita cana e impresionaba polo tamaño e a ollada fría, acercouse ao terreiro cunha vara longa e, antes de ninguén falar, advertiu que da circunferencia para dentro só poderían pasar xentes con título e carreira; para fóra sería o pobo en xeral quen estivese. E se alguén non comprendía, que lle preguntase á súa vara.

Nestes mesteres de separar gando —fóra a alma— deu coa vista nun mozo ben feito, de mirada suave, que lle lembrou algo perdido, quizais o mirar doutra persoa, tal vez un ollar que non fose de varón rexo senón de femia delicada.

Pasou o discurso, houbo xantar; e ao caer da tarde, acubillados os íntimos na rebotica, veu o mancebo avisar o patrón de que tiña visita.

—O rapaz di que se chama Manuel Varela —informou—, e que logo vostede ha de saber quen é.

—Que pase —respondeu don Emeterio volteando unha ficha branca con sete puntos negros repartidos.

Pasou o visitante: chaqueta de pano gris, pantalón de pana ocre, camisiña branca sen gravata, a pucha nas mans, zocos nos pés. Saudou e, sen reparos, deu explicación da súa presenza:

—Dime miña mai que vostede é meu pai, don Emeterio; e nós non lle facemos reclamo, porque do noso aínda se vive con farturas. Pero un favor si lle queríamos, e élle o de que me libre da África, que de alá poucos volven.

Os contertulios ollaron para o boticario, expectantes, á espera dunha das súas moitas saídas xeitosas.

Don Emeterio Suárez de Valcarría mandou ao rapaz tomar descanso nunha cadeira próxima e foi á procura dun caderno.

Daquela pediulle nomes ao completo ("Manuel Varela García, fillo de Manuela Varela García, cos mesmos apelidos"). Despois, idade, lugar de nacemento, lista de avós e tíos.

Buscou o señor nas páxinas do caderno, usando o dedo indicador e, por fin, concluíu:

—Penso que non es fillo meu, senón de don Pedro Pardiñas, o de Correos. Así que vaite a xunto del e pídelo que a min me queres, que el tamén pode; e se non puidese por algo, daquela conta comigo...

O rapaz escoitou sen dicir palabra e foise, dando as grazas a don Emeterio e as boas tardes a todos.

Seguiu a partida e pasou aquel día e o seguinte, tempo no que ao boticario, bo observador, se lle repetiu na acordanza como era a fisionomía do pretendido fillo.

Era seu —calculaba— non só por un aire que el tamén lle deixara ao primoxénito lexítimo senón porque, como di a xente, "nas mans ou nos pés has semellar quen es"; e o Manuel Varela tiña as mesmísimas mans osudas de don Segundo Suárez de Valcarría e Rodríguez do Toldao, coronel carlista. Por caprichos da xenética, tal característica saltara unha xeración, da de seu pai militar á do seu posible fillo labrego...

Ao terceiro día presentouse o Manueliño coa pucha na man e anunciou que o señor xerente dos correos na vila e bisbarra, compañeiro de farras aldeás de don Emeterio, negaba toda posible paternidade, como se negaba a axudar.

Visto o cal, o señor da farmacia e de tantas outras cousas dirixiuse ao solicitante con cariño:

—Mira, fillo, non fagamos cuestión do asunto, que é minguarlle virtude á túa mai. Se ela me

apunta a min, ímosllo crer ti e mais eu... E, canto ao outro, déixao da miña man; pero coido que vas ter que cambiar a África dos mouros, que non che hai peor canalla, polas Américas dos indios, que aínda se deixan cristianizar.

— III —

Así foi como Manuel Varela García, natural de Soacinsa, lugar da parroquia de San Fiz de Lamas, se viu embarcado nun transatlántico; con todo o que necesitaba un home para emigrar: pasaxe, un bo baúl de pouca altura —xusto para coller embaixo da cama—, traxe novo e botas con brillo; e un cinto con moedas de ouro ben pegadas ao corpo. Parte do que levaba (a pasaxe, o principal) fora galano do señor boticario da vila; outra parte, froito do gardar arreo da súa mai, muller económica, sempre a mirar polos cartos que os fregueses de San Fiz depositaban na urna do santo.

Sendo da montaña, o Manolo aínda vira o mar, por razóns de oficio do padraστο e por devocións da mai. O mar para o Manoliño Varela era unha cousa grandísima, coma unha manta falsa, chea de vida, que se viña esnafrar, teimuda, contra os cantís do sitio onde estaba a capela de tanta peregrinaxe.

O mar deulle medo; gañoulle medo desde pequeno e, cando lle dixeron que había pasar case un mes nun barco, algo se lle moveu nos adentros. Por un momento ata pensou en voltar á fala co seu pai natural, señor cariñoso, que sería quen de mesmo facerlle avío na guerra dos mouros pois —cavilaba o Manuel— niso das guerras ben habería choios de cociñeiro e semellantes, pouco expostos a tiro e bomba.

Pero a mai, que sempre lle dera azos, convenceuno de que era mellor saírse por eses mundos, aprender un oficio, facer un petiño e volver ao de sempre, que, con cartos, a vida era boa nas súas terras de pasteiros e fragas...

O Manuel embarcou no porto da Coruña, e viu moita xente a chorar, no peirao e a bordo, polo que supuxo que as Américas non habían ser tan boas como as pintaban os retornados con cadea de

ouro no chaleco.

De primeiras, meteu o baúl no seu sitio e calou, esperando que os compañeiros de camarote abrisen conversa. Eran cinco, e deles axiña só lle falou un, rapaz animoso que dixo ir a un lugar rarísimo, onde nevaba de abondo polo tempo de Santiago, onde non había árbores e a xente, pouca, vivía de facer pozos para tirar deles petróleo.

Manuel Varela algo entendeu, pois do que lle aprendía o seu padraστο, o señor Xusto (que sabía ler e tiña un libro que chamaba “enciclopedia”), entendera que as partes do Mundo estaban dadas volta; e que o petróleo era iso que tan ben ardía para alumear nos quinqués cando non se usaba para facer gasolina de coche.

O compañeiro falador chamábase Eladio, e ía reclamado pola familia.

Pasaron días de mareo seguido, os do camarote sufrindo de náuseas e moito vomitar; menos o Eladio, que era pescador de oficio.

O Manuel tivo conversas cos outros compañeiros. Os mareados, con mal corpo e verba apagada, falaban da súa meta, un sitio moi grande, de moita xente, “moitísimo maior cá Coruña”, que xa lle parecera ao montañés un estupor de persoal e vehículos. Mais o Eladio, levado polos seus azos, insistía en non quedar alí.

Alén das Canarias, cando xa de España nada lles ía ficar por fronte deles, o Eladio preguntoulle ao Manuel se tiña destino.

Foi en noite de calma sobre o mar e o Manuel respondeulle que non, mirando as estrelas. Daquela o Eladio suxeriulle que o acompañase: ambos eran novos e nas terras do petróleo onde nevaba polo agosto gañábanse cartos a mazo.

O Manuel encolleu de ombros e cando chegaron a un país que cheiraba moito, a moitos cheiros, e estaba inzado de negros, o Eladio teimou para que o seguise ata os Telégrafos. Alí, logo das explicacións en fala que parecía galega, un homiño escribiu o que o rapaz lle dicía que puxese.

Era un aviso para a familia do Eladio: que chegaba cun compañeiro chamado Manuel Varela García e habían de lle buscar traballo.

Sazonados de sol e vento mareiro, entraron por fin nun mar de cor encarnada ou acastañada que os mariñeiros do barco dicían ser río. Na ribeira había un porto grande, e unha poboación de edificios altos e longos; con policía, alfándega, inspección de sanidade e un "hotel de inmigrantes".

Non pasaron moito tempo nese hotel porque o irmán máis vello do Eladio, o Cosme, apareceu para salvarlos. O Cosme chamáballe "neno" ao Eladio, e "paisano" ao Manolo Varela.

O Cosme pagou os billetes do tren, e viaxaron por un terreo plano, verde, cheo de vacas e homes a caballo. Pasada unha noite, o terreo xa era pardo e víanse bichos que parecían inventados: uns coma galiñas da altura da xente e outros coma ovellas laúdas da altura dun poldro. Asustados polo paso do tren, todos corrían en bandos e —entendeu o Varela sen facerlle falta preguntar— daban aviso daquela terra en que as cousas andaban ao revés.

Pero aínda faltaba un bo pedazo de camiño, o peor segundo o Cosme. Por iso pasaron a tarde e fixeron noite nunha vilíña de casas de lata repintada, onde Manuel oíu tales falares que se asombrou de que puidese ser xente quen así se manifestaba.

O día seguinte foi todo perdido sobre unha estrada de pedregullo, por campos sen a máis mísera árbore de natural, salvo as que se vencían ao vento arredor de casiñas de lata de cores rechamantes. Aqueles desertos terrosos, salpicados de herba amarela e arbustos grises, mantiñan rabaños de ovellas da mesma cor da terra, e bandos dos animais increíbles de dúas e catro patas que xa viñan vendo desde moito atrás.

Cando chegaron a destino, ao Manuel Varela deulle unha pena grandísima de si propio. Porque lle pareceu ter chegado á nada, a un sitio de casas de chapa, moitas medias enferruxadas, e rúas de pedregullo e area que levantaba en remuíños un vento louco.

O Cosme procuráralle acomodo, na casa dun "turco"; e traballo na praia, onde seica choiaban os galegos.

O tal turco chamábase Ibraín, e non lle gustou ao Manuel Varela como non lles gustaban os mouros aos seus antepasados: por lles infundiren desconfianza aínda que se comportasen de boa maneira. O Ibraín Ghadá, ou Ghadar, ou o demo que se chamase, miraba de lado, cuns ollos grandes e negros metidos baixo a sombra do cello peludo. Tiña nariz de gancho, a pel citrina, lunares e un bigotón que lle ocultaba a boca toda. Para máis, falaba ruinmente, dicía "garne" por "carne", e "bunta" por "punta", o que facía difícil entenderse con el.

Pero era quen daba pensión máis preto da praia e o Varela acababa de chegar...

O traballo tampouco lle pareceu o máis axeitado ao montañés, o cal non sabía de máis molladuras que as papadas en exercicio de pillar troitas. Os galegos traballaban —ben pagos— nun trasfego que lles facía entrar no mar continuamente. Deles dependía que xente e cousas transitasen entre a terra firme e os barcos que alá quedaban sobre o anil das augas azoutadas polo vento. Había que encher e baleirar unhas lanchas que chamaban "chatas". Esas lanchas varaban na praia batida de ondas e cumpría coller homes e vultos ás costas, e mulleres e nenos ao colo, para os embarcar e desembarcar.

Manuel Varela era mozo forte, de ollo claro e cabelo escuro, crecho, alto e de costas anchas, o brazo poderoso, a man lixeira. Malia o contragusto do principio, déuselle ben o choio de andar mollado, botándolle peito a un mar que por nada xa se irritaba. Metido nel, mesmo chegou a perderlle o medo.

E do turco Ibraín ("¡Sirio, carajo!", como el corruxía) só lle comentou ao Eladio que, por se librar dos de Marrocos, viñera dar alí nas mans dun mouro doutras terras da mourería. O amigo riulle a graza mentres esperaban quenda nunha casa de mulleres que prosperara xunto dun campamento de obreiros do petróleo.

O Manuel íase afacendo; e pensou que non toda a vida estaría no mesmo labor. Por iso foise entender cun mestre titulado, fillo do xefe dos telégrafos. Sobrábanlle a Manuel Varela moitos cartos (que non daría consumido en cervexa e xenebra nin virando borracho) e decidiu pagar para que lle ensinasen ben de letras e números.

Héctor, o mestre, aprendeulle máis do que esperaba. Nas noites en que, logo da clase particular, a nevada facía temer o retorno á pensión, aquel rapaz que xa nacera "nos desertos do Sur" contoulle

historias de tal país: de como era antes de que, por furar procurando auga, xurdise o petróleo; de quen eran os habitantes vellos da terra, uns indios sabios, cubertos de peles; do que había viaxando para o oeste: as mesetas varridas polo vento, o fulgor dos lagos no medio da desolación parda; os verdores pálidos con que se anuncia a serra, as selvas verdinegras pintadas de neve, os picos sempre nevados; e, alén deles, os seos profundos nos que entra o mar, "o outro océano, o maior do Mundo"...

Ao Varela o mestre deixoulle o desacougo dos descubridores, mesmo a cobiza que os levara a descubriren novas terras: porque lle indicou como nas dificultades da cordilleira podía haber zonas das que non se sabía a que país pertencían, se ao de aquén ou ao de alén.

Pasaron meses e fixéronse anos. Era tanto o aforro do mozo de Soacinsa que houbo de iniciar tratos nun banco; sobre todo cando viu como o Ibraín se lle arrimaba coa leria de que "se tiña cartos" el llos podería gardar.

Polo carallo, díxose. Non se fiaba do patrón daquel que xa se chamaba *Hotel Damasco* porque ampliara unhas habitacións máis con obra de madeira e chapa acanalada...

— V —

Calquera mañá da calquera día por tempo do Nadal, con moito sol e moitas gaivotas, chegaron pasaxe e carga nun barco. Armouse aquel rebumbio de sempre, o remolcadoriño botou fume, arrastrou as "chatas" e nelas foi chegando de todo: nenos que choraban asustados, encargos caprichosos —un piano entre eles—, homes que non soltaban a maldita maleta e querían chegar a terra secos con ela, mulleres que viñan aumentar as posibilidades do imposible en territorio de varóns petroleiros e pastores.

Manuel Varela levou no colo unha moza que necesariamente había ser paisana súa, ou como moito —concedeu— da banda de Asturias. Miraba baixiño, modosa, deulle as grazas cando a pousou na area e volveullas dar cando el lle entregou o baúl, xa a pé da estrada.

Chamáralle a atención aquela cara linda, ollo e cabelo escuros, a pel branca cun rubor nas

fazulas. Facíalle acordar á Farruquiña do Peneireiro, alí nos montes de San Fiz coas súas ovellas.

Indo e vindo da lancha a terra, varias veces ollou a moza, firme á beira da estrada, cunha ansia no mirar que esculcaba a través da poeira. A xente íase metendo pola poboación, entre os edificios. Viñan coches, camións, galeras. Vehículos, xente e cabalos facían ruído; movíase un mundo de persoas e cousas. Pero a moza seguía alí.

Cando se acabou a faena, o Manolo Varela tomou camiño do sitio onde un día e outro mataba as fames con asado de año capón. Viu a moza —paisana ou asturiana— pero nada lle dixo pois, cavilou, nesta vida non se sabe se alguén se pode enfadar polo que un faga boamente. Ou dito doutro xeito: que a muller podía ter un home a mirar por ela ao que non lle gustase intervención de alleos.

Xantou, a horas que xa eran medias de merenda, e arrotou. Abriu un mazo de cigarros e, fumando, enfiou cara á pensión, a asearse para a clase que cada día era máis tertulia pagada por el.

Pero ao virar a cabeza por culpa do vento e as areas, viu a muller que non daba esquecido, nin con ocupacións nin con palabras. Seguía no mesmo sitio, xa sentada no baúl.

Podía ser que á recén chegada lle pasase algo normal naqueles pagos de tanta desolación. Tería familia nunha estancia do interior, os parentes quedarán de vila buscar tal día coma hoxe pero houbera un contratempo no camiño; ou quizais o barco tiña chegada marcada para o día seguinte e adiantárase... A mulleríña non sabería o que facer e non ía deixar de agradecer que se lle desen indicacións.

Acercouse e saudouna. Pola fala logo comprendeu que era galega, e atreveuse:

—Se non é moito preguntar, ¿por quen esperas? Dígocho porque xa levo tres anos neste sitio e seiche da xente... Se cadra coñézoche a quen esperas.

Ela deulle o nome dun Modesto que ao Manolo lle causou alarma. Pero aínda quixo el pensar que houbese varios chamados así na redonda, pois era moitísimo o persoal que ía e viña.

Preguntoulle en que traballaba o tal e ela respondeu que nalgo de transporte. A alarma creceu nos adentros do mozo.

—¿E pódese saber que che é? —deu o paso definitivo.

—O meu home.

Non había que perder a esperanza e seguiu:

—¿Sabes onde vive?

—Nunha pensión, seica.

—¿Pero en cal?

—A do Braín: ese era o nome que me lían nas cartas do Modesto...

Agora o Manolo sentiu un traspé no corazón rexo: aquel Modesto era un rapaz que tiña as súas cousas na pensión, ao que o Ibraín lle gardaba o diñeiro. Pero que pouco paraba nela. E que deixara de parar.

Porque morrera.

Modesto López —había ser el logo— andaba nas galeras, levando manufacturas ao interior e traendo de alá fardos de la. El e outro morreran de frío na última *nevazón*, pillados ao descoido nunha pampa alta...

Pobriña da moza, mal funcionaban os correos... Segundo se recompuña o Varela, coidou que debía levala con el para que se acomodase na pensión e, unha vez alí, contarlle a desgraza en que andaba metida.

—Mira, muller —díxolle—, eu vivo na casa do Ibraín e penso que o mellor é irmos para alá e preguntar polo teu home, que na pensión hai moito hóspede e non todos nos coñecemos.

Para evitar que a viuviña dubidase, colleulle o baúl, botouno ao ombro e encamiñouse cara ao *Hotel Damasco*. Ela seguiu. Por veces, o Manuel virábase para vela loitar contra o vento e o pedregullo: avanzaba facendo esforzos por manter o equilibrio, o seu corpo abaneábase e, malia a discreción do vestidoño, ben se lle debuxaban formas de femia completa.

Que aínda non se sabía viúva...

Ao chegaren á pensión, Varela fixo esperar na entrada á moza, quen todo miraba con ollos grandes e espantados. Meteuse para o cuarto en que o Ibraín tiña os papeis e durmía as sestras, e contoulle o caso.

O Ibraín deixoulle falar e, ao final, preguntou se a muller do defunto López era ben feita.

O Manolo fixo como que non escoitara e díxolle como se debía proceder:

—Hai que hospedala nun bo cuarto e deixala descansar co conto de que o seu home anda de viaxe. Daquela recollemos os documentos del na oficina do xuíz e contámoslle o que pasou, deixámola chorar e que vexa a cova no cemiterio... Vostede dálle os cartos do rapaz —aí mirou aos ollos escondidos do árabe, que se esconderon aínda máis— e cómpraselle a pasaxe de volta.

O Ibraín non abriu a boca. Foi saíndo e, no recibidor, parou mirando a rapaza, de riba a baixo, de baixo a riba. Ela corou.

Ibraín preguntoulle polo nome.

—Paulina Mouzo...

—*Entonce vos no sos mujer de López* —argumentou o mouro coa súa fala fea; e o Varela tivo que explicar que en España as mulleres non mudaban de apelido ao casaren.

Papeis. O mouro quería papeis.

A Paulina virouse, deu as costas aos homes e debeu procurar algo polo peito.

Volveulles dar a cara e mostrou a documentación, xunto coas cartas do infeliz.

Logo de miralas, o dono da pensión chamou o criado e mandoulle acomodar a "señora López".

— VI —

Todos fixeron caridade; mesmo, en aparencia, o turco ("¡Sirio!") Ibraín que era infiel. Os funcionarios, o crego do enterro e a xente do negocio das galeras viñeron visitar a Paulina logo de saberen quen era ela.

Os que lle deron a noticia terrible foron o Manuel e a viúva do compañeiro morto de frío co Modesto. Esta muller, algo media india e cargada de fillotes, animosa, apertou a desconsolada e díxolle que por ficar sen home non pensase que ficaba sen familia: alí estaban ela e os seus para o que necesitase.

Os oficiais do xuíz e a policía ofrecéronse para cousa de papeis no caso de Paulina Mouzo de

López querer seguir no territorio da súa responsabilidade.

O cura foi capaz de botarlle unha mentiriña linda, de que o Modesto era formal e lle viña á misa; e de que a morte polo frío é doce e permite que a consciencia se perda a modo, con tempo de arrepentirse para dar a alma a Deus.

Os dos transportes trouxéronlle o último soldo do marido e mais o aguinaldo.

E o Ibraín díxolle que podía seguir no hotel mentres quixese, e aínda lle preguntou se tiña artes para facer de gobernanta...

Pasados varios días e cando o Varela viu que a mociña de cara de mazá xa se alimentaba con gusto, acercouse a ela e preguntoulle:

—¿Que, paisana, pensas quedar por aquí ou queres volver para a nosa terra?

—Pois... aínda che vou quedar algo —respondeu a Paulina entrecerrando os ollos, como se agarimase unha ilusión.

O Manuel non fixo comentario, pero si advertencia:

—Daquela habías falar en serio co Ibraín porque debe ter diñeiro do teu home...

E, como a vida é un grandísimo enguedello e un é fillo do destino que acalenta coas propias intencións, velaí que ao montañés de Soacinsa se lle presentou unha ocasión de mudanza e non dubidou aceptala.

Durante unha clase desviada de aritmética, andaba o Héctor a mallar coa andrómena da "soberanía nacional" e o Manuel distraído a lembrar as pestanas aladas da Paulina cando apareceu un amigo do pai do mestre proclamando unha necesidade:

—*Me hace falta un gallego corajudo.*

O asunto —explicou o señor Domingo Candelaria— era establecer un *boliche* na terra de ninguén, no cruce dos camiños do interior: o que buscaba o paso da cordilleira para atravesala e o que polas abas dela unía os últimos establecementos gandeiros da república, xa no límite das terras patrias.

Precisábase un tipo sen medo a ladróns de gando e bandidos, sen receo de andar por onde os *milicos* non podían impor a lei porque o territorio non aparecía marcado nos mapas...

O Héctor apuntou co dedo para o seu alumno e díxolle:

—Alí vas ter tempo de leres libros, Manuel, e, unha vez establecido, a terra será túa cando chegue o momento dos títulos... Aínda máis, *gallego*, espero que te lembres dos que te queremos e axudes a arrimar terra á nosa nación.

O Manuel aceptou. Porque algo dentro de si (quizais o sangue do seu avó militar, que morrera crendo que España —xa só coas Filipinas e as Antillas— aínda era un imperio) lle dicía que debía aceptalo.

Os compañeiros da praia fixéronlle ver que trocaba o seguro polo incerto, pero foise porque o Eladio apoiou a idea con fortes palmadas no lombo e un razoamento:

—Hoxe os indios xa non comen a ningún; e, se non che vai ben por alá, aquí vai seguir habendo traballo a mazo...

Á Paulina deulle a man de despedida, mentres lle dicía que, se algo precisaba del, só tiña que levar recado ao despacho dos transportes. E que non tardaría en volvela ver; porque ía andar indo e vindo tan logo tivese o establecemento montado e as necesarias axudas.

Cando trepou á galera chea de materiais para a construción do boliche, sentiu que ás costas deixaba algo de peso —unha ilusión grande que cumpría acalmar aínda porque os loitos levan o seu tempo e o amor aos mortos tarda en virar lembranza tan fría coma eles.

Partiron, cos cabalos enganchados e os de reserva. Levaban bo tempo e diante de Manuel fóronse presentando todos os prodixios e as grandezas que lle anunciara o seu mestre: un mundo de montes aplanados, de terra descarnada e láminas de auga, de verdes á beira do azul, de terra parda novamente; ata que alá se empezaban a ver cumes pintados de branco coma os das serras de San Fiz de Lamas.

Os sufrimentos todos do camiño matábanse con tanta visión, entre cigarro e cigarro, desde as alturas do pescante da galera. A poeira e o sol de día, o vento e o frío baixo as estrelas da noite, íanse aturando de bo grado. Manuel sabía que ía ao encontro do seu.

E quedou convencido cando, logo de cen leguas, o vello carreteiro que gobernaba o frete lle anunciou que chegaran:

O arredor ondulaba cuberto dunha alfombra verde pálida. Para nacente, a terra caía e

aprofundaba ata facer sitio a lagoas cheas duns paxaros rosados de pata e pescozo longuísimos. Para poñente os outeiros collían forzas e querían imitar alturas e formas dos montes nevados. Nalgún deles medraban árbores vencidas polo vento, como lunares na pel suave da herba.

—Aquí —dixo o vello Pedro Moreno, tensando as rédeas. E alí descansaron eles e os cabalos durante un par de días.

Despois foi un labor do díaño: madeiras, latas, pedras, barro, vidro, arame... Pasou unha tropa de xente paisana, indios co seu cacique arroupado en rico poncho, e faláron con eles porque algúns eran "castillas", como Pedro Moreno chamaba aos que se deixaban entender.

Ao saberen que aquilo ía ser boliche con caña e xenebra, reloucaban de contento; e o xefe, que se chamaba Trafríf ou Trastaf ou o demo maior, deu orde a uns mancebos de que axudasen na construción.

Os rapaces arrimaron o ombro e a obra logo se rematou. Varela pagoulles con xenebra e un deles decidiu ficar de empregado, cunha parella de cadelos.

Antes de marchar, o Moreno fixo advertencia ao cristián que deixaba só:

—*Oíme, gallego: estos matan por un trago. Tenés que dormir armao.*

— VII —

O vello Pedro Moreno foise cunha lista de encargos e varias cartas. Unha das misivas era do Manuel para a paisaniña Paulina pintándolle as belezas do mundo ao que se retirara. Outra, do mesmo autor para o seu mestre, ratificándose nas grandiosidades das serras "preandinas", como as cualificaba o tratado de xeografía de que viñera munido para o retiro; e pedíndolle que mirase polas necesidades de todo tipo de Paulina Mouzo, cun parágrafo final en que lle comunicaba que o Ibraín gardaba os aforros do marido da viuviña, amasados con suor e soidade na aventura das rodeiras do deserto.

Correu o tempo de estío e antes do primeiro aviso de neves sucedeu moita cousa boa nos

pagos de ninguén:

Manuel Varela decatouse de que se entendía co rapaz indio, ao que bautizou como Julián, por ser este o nome de xente cristiá que máis se lle pareceu ao verdadeiro do axudante. O Julián sabía todo o necesario de cabalos e ovellas, e saía a campear avestruces, guanacos e leóns, para comida ou provisión de plumas e peles. Só había que afastalo do licor; e, como recomendaban os viaxeiros civilizados, de cando en vez cumpría darlle demostración de forza e dotes superiores. Por iso, o Varela facía prácticas de puntería co revólver e o rifle; e, en lembranza do seu pai boticario, foi cultivando un bigote á Kaiser que puña moitísimo respecto entre xentes de escaso pelo na cara.

Os indios ían e viñan, nun trasfego que logo se relacionaba co paso clandestino de gando pola fronteira. Armaban os seus toldos de coiro no arredor do *boliche* e deixaban correr a prata, en forma de moedas e na de obxectos con moita arte, que aprenderían dos seus maiores. Tanto brillo de metal nobre —deduciu o Varela das leccións do Héctor— seica toleara as mentes cobizosas dos conquistadores españois.

A cambio de borracheiras, que o galego vixiaba sen recato de botar man ao revólver, o almacén do establecemento enchíase de peles e ponchos traídos polos bárbaros; e a caixa forte estoupaba de diñeiro e obxectos de pratería.

Pasaban comerciantes dunha república para outra, e militares de ambas, algunhas veces en comisión, para trataren o negocio da liña divisoria. Os traballadores das estancias menos afastadas da casa única na encrucillada achegábanse a ela, e nas súas mesas, sobre naipes e vasos, sentiuse falar dos malos tratos dos patróns, de sindicatos, dunha revolución. Os capataces usaban o establecemento do Varela para procuraren peóns; e algún patrón deixouse caer por alí á procura de capataces.

Baixaban as existencias rapidamente e o Manuel temía o inverno. Non sabía se a provisión última, antes de as neves cerraren os pasos, sería dabondo para satisfacer a clientela que medraba constantemente.

E esa non era a súa única preocupación. Maior era a de non ter persoa de confianza total con quen deixar o negocio por un tempo. Para volver á cidade, antes da cerrazón do inverno.

Da Paulina nunca recibira resposta; porque ela non sabía escribir e tería receos de ditar carta.

Pero si a recibira do Héctor na valixa do Candelaria, patrón do boliche. O mestre alegrábase de que o negocio medrase, e recomendaba ir ocupando terras, botar nelas ovellas e mandar pastores a coidalas, homes que construísen postos, que levasen familia. Canto á Paulina, dicía que estivera con ela e a encontrara ben, con azos, a traballar no *Damasco*. Falaran dos aforros do marido e ela dera a entender que sabía ben como valerse no asunto.

Manuel Varela sufría querendo deixar o boliche e ver aquela muller que quizais non o necesitase para nada. Quería vela e que ela o vise a el, co seu bigote de puntas verticais.

Pero non podía. Vista a evolución das cousas, tan rápida, tan ao seu favor, cumpríalle andar encima delas, mirando de engordar o peto.

Dixose que o importante era que a muller se gobernase ben e non o esquecese. Por iso mandáballe carta con cada galera que retornaba. Na última, xa metidos ben en maio e con auganeve, contoulle que estaba a construír unha hospedaxe, con camas e estufas, para coller xente sorprendida polas inclemencias do tempo serrán.

— VIII —

Escapándolle á neve, que cegaba, chegou o turco Iusef Elías, mercachifle dos camiños. Manuel Varela e o indio Julián axudáronlle a botar os cabalos no curral e a gardar as cousas da galera no almacén; e pasou a ser hóspede sen moita esperanza de seguir cara á súa casa, situada moi ao norte. A necesidade de vender levara aquel home curtido máis para abaixo do que a prudencia recomendaba.

O Elías contoulle ao Varela que era cristián, como tantos aos que chamaban malamente "turcos" cando o único que tiñan para tal apelativo era o de seren vítimas do imperio musulmán de Turquía. Elías andaría polos cincuenta anos. Era un tipo alto, de ollos grises e cabelo gris, con bigotes caídos e expresión de bondade; e pregoaba ser pai de seis rapazas, varias delas en anos de casaren. No retiro a que o ían condenar as neves, non lle preocupaba que as cativas pasasen necesidades, pois eran todas

aplicadas e dispostas a coser baixo o mando da mai. Preocupábao, e tiráballe o sono, imaxinalas rezando por el, un día pedindo por que retornase; outro, rogando xa pola súa almiña...

O Elías foi quen lle deu a idea ao Varela. Coa súa fala atrapallada, explicoulle que lles cumpría faceren sociedade. Os negocios alí estaban na ovella, nos transportes, na hospedaxe e nos subministrados. Mentres sentían o azuote da ventisca sobre chapa e vidro, o lusef falou co ollar perdido dunha cidade de marabilla que había polas súas terras, unha poboación que vivía do paso das caravanas de leste a oeste e de norte a sur.

Farían as cousas honradamente: en primeiro lugar, comprarlle o negocio ao Domingo Candelaria, que alá seguía na cidade, tan ricamente, acumulando beneficios sen padecer rigores. Despois marcarían capital da nova compañía, porcentaxes dos socios e funcións dentro dela. Canto a isto, o Elías coidaba que el se debía encargardas compras e vendas de artigos, e o amigo Varela do establecemento.

Comprobados os primeiros sinais de primavera, o lusef cargou as súas pertenzas e endereitou para o norte, seguro de que o tempo melloraría coa latitude. Pouco despois chegaba a primeira galera desde a beiramar, e o boliche volveuse encher de barullo e fume. O Julián e o Manuel non daban servido. Cando os visitaron os indios, o Julián conseguiu que un *helmano* seu quedase para axudar.

O Manuel mandou cartas co maioral da seguinte galera. Ao Héctor explicáballe a idea do turco Elías e pedíalle opinión. Á Paulina contáballe os progresos, que se ía meter a gandeiro; e pedíalle que lle contase algo.

Coa seguinte galera non recibiu resposta de ninguén. Pero chegaba nela un personaxe curioso, xornalista, redactor do diario que botaba a andar na cidade do petróleo. Viña tratar "a cuestión fronteiriza" e fixo varias fotografías do administrador do boliche, a quen chamaba "pioneiro".

Jorge Acuña, o xornalista fotógrafo, era un suxeito falangueiro, de riso fácil. Cando o Varela lle pediu que lle entregase copia do seu retrato á Paulina do *Damasco*, o Acuña preguntou:

—¿A la amiguita del sirio? —e, asustado pola expresión na cara do Manuel, botou unha gargallada tola—. *Bueno, eso es lo que dicen, ché* —quixo arranxar a inoportunidade—. *Chimentos de la gente...*

Manuel Varela sentiu un roemento na entraña e calculou como deixar toda aquela merda de aventura por terras que non aparecían nos mapas. Nada valían en comparación co corpo lindo e as pestanas longas de Paulina Mouzo. Durante días dispuxo unha saída de emerxencia en solitario —el e unha tropiña de cabalos— entregando a dirección do negocio á vontade divina.

Marcharía, e que ardese todo...

Nesas andaba cando se produciu outra viraxe no rumbo da vida que se iniciara —por tratos nun fiadeiro— na parte do Mundo que se vén chamando Galicia desde hai documentos.

O Acuña fórase de "tournée" pola fronteira co indio novo, ao que, por similitude de nome sen bautismo, o Manuel chamou Gabriel; e o Julián andaba en tratos de comprar ovellas. O bolicheiro atendía en solitario na barra uns clientes cando sentiu chegar carro grande. Logo ao pouco abriuse a porta e entraron dúas persoas coa cabeza envolta nun pano, antiparras a ocultarlles os ollos e un longo gardapó a protexelas do pescozo aos pés. Malia tanta ocultación, adiviñábanse mulleres.

Pararon no medio do "salón", agardando. Ata que apareceu un terceiro suxeito con gardapó e a cabeza descuberta.

—¡Elías! —Manuel Varela deixou os clientes para acercarse a apertalo.

Logo do saúdo efusivo, o lusef presentoulle as acompañantes:

—Mira, Manolo, estas son as miñas fillas. Esta é Ana e esta, Susana.

— IX —

Manuel Varela viaxou na galera co xornalista e fíxoselle a viaxe inacabable a pesar da compañía. O Acuña era unha enciclopedia: sabía a historia da súa familia e todo o referente ás condicións que a obrigaran a emigrar. Falaba de España e de Galicia como o Héctor do país deles, coa seguridade de quen parece o inventor desas terras e xentes.

Cando baixaban a última costa do camiño, xa co mar ao fondo, ao Manuel entroulle unha ansia

tola: a de montar un cabalo á parte e galopar, galopar...

Entrando na cidade, pediulle ao carreiro que se desviasse para deixalo diante do *Damasco*; e, chegados alá, saltou coas súas cousas desoíndo a proposta de "repasar as notas de viaxe" que lle facía o Acuña.

Na recepción do hotel andaba o Ibraín, os ollos afundidos, a idade a marcarlle enrugos no pescozo.

Saudou ao Varela coa falta de efusión que correspondería a telo visto na tarde anterior, cando había máis de medio ano que deixaran de verse. E o Varela enguliu a sospeita.

O Ibraín dixo que o hotel estaba completo. A sospeita medrou dentro do Manuel.

—¿Onde vai a Paulina? —preguntou sen esperar máis.

—Foise —respondeu o dono do *Hotel Damasco*.

—¿Que se foi?

—Foise. Marchou para España...

Houbo un silencio con funguido de moscas. Durou pouco. Sería Varela quen o rompese:

—¿Décheslle o diñeiro do seu marido?

—Dei. Deille todo, todo. Deille máis do que lle correspondía.

Na resposta do turco había medo, fillo da mala conciencia.

Manuel Varela colleu a súa equipaxe.

Saíndo pola porta, virouse para dicir o que había moito quixera:

—Mouro fillo de puta...

Segunda parte:

Historias dos anos 90

—A radio vai sintonizada na frecuencia dos campos da compañía —advertiu o enxeñeiro en ton tranquilizador—; e para navegardes, xa sabedes: ollo posto nas torres de petróleo.

Abriu un plano e botouno enriba da mesa. Tirou un mazo de cigarros. Ofreceu e, tras da preparación para o fume, seguiu:

—Esta provincia está tan despoboadada que, para dar referencias, hai que meter nos mapas mesmo os postos das estancias... —procurou un punto e chamou a atención do seu invitado:— Velo aquí, "Villa Varela", xusto sobre a fronteira. Pero do lado noso, como che dixeron no centro galego. O vello Manuel Varela é un *gallego corajudo*... Ben, levades a camioneta, ferramentas, repostos, bidóns de gasolina... Ides feitos uns exploradores... —e ceibou unha gargallada—. Se eu vos contase as que me pasaron por eses campos adentro...

Moncho Suárez saíu da oficina da petroleira respirando con forzas, disposto a ver o que os turistas non vían. Nunca acabaría de darlle as grazas ao funcionario da Secretaría Xeral que lle indicou baixar ata aquelas fins de mundo americanas. De principio pareceralle algo tolo ir ensinar galego alí, a un lugar onde pararan de ir emigrantes había trinta anos. Un compañeiro de claustro do instituto ríraselle nos fociños:

—Alá abaixo os únicos que paran quietos a que lles dean leccións de idiomas raros son os pingúíns e as focas.

Mais os bos sitios xa estaban collidos; non quedaba outra opción para os cursos e o rapaz agarrouse a ela por facer curriculum. Voou tanto como nunca voara. Chegou mareado de voar.

Con todo, pagou a pena facelo porque os fillos da saudade íano agasallar nunha poxa continua entre eles. Enchérono de lagostinos e centolas, de peixe e año. Levárono ás praias, mostráronlle os campos de petróleo, o museo con vestixios de vida e morte dos indios do mito austral. Contáronlle as aventuras dos paisanos famosos.

Falando dun deles, Manuel Varela García, tan vello coma o século, foi cando Antonio Rey, o

enxeñeiro dos petróleos, lle dixo que non podía ir de volta para Galicia sen ter atravesado o territorio, de océano a océano, pasando a cordilleira. Naquel camiño ía atopar a *Villa Varela*, necesariamente; e se tiña arte, logo escoitaría a vida do ancián fundador da poboación.

Ao rematar o cursiño de galego, o Moncho tomou a decisión. Antonio Rey fixo os preparativos e deulle de acompañante ao seu propio fillo Antoñito, alumno esforzado, empeñado en aprender a lingua dos avós...

O traxecto iniciouse aínda por estrada de asfalto a serpear entre unha sucesión de outeiros truncados, pardos, inzados de torres de petróleo e daquelas *cigüeñas* negras e mecánicas que cabeceaban bombeando ouro líquido, espeso, negro.

Despois comezaba o deserto verdadeiro, o nada —nin para atrás nin para adiante—, un medo espléndido de ter accidente, unha fascinación de animais que xa gozara Darwin —as avestruces, os guanacos, os armadillos...—, o aviso de verde e azul dos lagos con nome indio e inglés, e de novo o deserto. Cando xa na cabina da camioneta todo era poeira do camiño descarnado, tiveron un aviso refulxente de neves ao sol.

Moidos do saltar continuo sobre o pedregullo, os cabelos acenoirados pola poeira que superaba filtros, insidiosa, chegaron a *Villa Varela*, conxunto de casas de lata pintadas de branco e amarelo, reunidas arredor dun mastro coa bandeira da república a flamexar.

Pediron pousada no *boliche nuevo* e saciaron fame e sede mentres Ramón Suárez enchía o caderno de viaxe coas impresións compartidas por Antoñito Rey.

Era xa no solpor cando remataban a cea, e foise enchendo o establecemento con xente de fazulas coradas, uns "caucásicos", como din os ianquis para evitaren dicir "brancos"; outros, claramente mestizos de branco e amerindio. Entre os brancos había unha liña de parencias que chamou a atención do profesor de galego, algo botado a xornalista.

Un daqueles membros do grupo "fenotipicamente homoxéneo" (así o anotou o Suárez) dirixíuselle amablemente, ofrecéndolle de beber. Era un home metido nos sesenta anos, o ollo claro e o cabelo aínda negro e rizo.

Ao saber que o visitante era galego, mesmo enviado polo goberno de Galicia na advertencia do

Toñito Rey, o señor José Varela estalou en expresións de alegría e pediu que o acompañasen a "visitar al viejito". O Moncho chiscoulle o ollo ao rapaz e foron indo para a casa de don Manuel Varela con cámara de fotos e magnetófono.

— II —

Sorprenderon a don Manuel escoitando a radio, sentado na súa butaca, o mate á man, nunha mesíña. Unha señoriña vella de grandes ollos luminosos e cabelo prateado remendaba algo ao seu carón.

José tratounos de pais e fixo as introducións.

Correu o mate, e co mate a vida do pioneiro, coma un río. Comezaron falando en castelán pero, ao detectar o profesor restos da lingua propia na fonética do patrucio, provocouno en galego e don Manuel seguiu ante o ollar atento e divertido da muller e o fillo. Ela chegou a rir; o vello reprendeuna:

—*No te rías, turca, que vos también chamullás en lo tuyo*—e seguiu para o paisano:— Eu aínda é hoxe que non che sei como casei con ela e non coa irmá. Tróuxomas o pai en bo momento e eran unha lindura. Só non me arranxei coas dúas porque tiñamos que dar exemplo de cristianismo aos indios —riu de boa gana, mostrando a dentadura enteira—. Esta é Ana e a irmá que a segue é Susana; e o vello lusef aínda tiña outras catro rapazas. El foi o meu socio. Por iso vistes as entradas a dúas estancias sobre o camiño. Á del chamámoslle Levante e á miña Poniente. Non foi pola situación dos campos senón polos sitios de onde nós eramos...

O "turco" lusef Elías servira para consolidar a urdime de negocios da que nacera a Villa Varela. Mesmo soubera temperar ánimos dos *milicos* de dúas repúblicas enfrontadas para conseguir que todos fosen seus clientes e que ningún se atrevese a tocarles nos títulos de propiedade da terra que era de quen a cercou de arame e a encheu de gando.

Pola vista azul do vello Varela circularon once fillos habidos coa turca, e cuñadas e concuñados,

sobriños, netos..., e xentes infinitas: indios resistentes á norma dos cristiáns, bandidos a fuxir da lei dun lado e outro da cordilleira, buscadores de prata e petróleo... Soaran as armas moitas veces. Valía pouco a vida de quen se estaba a facer dono de tanta terra como ninguén soñaría nas aldeas en que se criou.

¿E de onde era o señor Manuel?

Cando llo explicou, segundo descendía en detalle desde “os penedos de Soacinsa” cara ao centro do concello, Moncho Suárez non puido evitar a galegada:

—¡Arrecarallo! —interrompeu, para logo explicar—: Daquela, señor Manuel, somos algo veciños, porque de aí lle é a miña familia toda.

—¿E logo ti de quen es? —foi a pregunta lóxica do vello.

—Pois... A ver como llo explico... Mire, indo polo camiño máis curto: meu pai é o fillo pequeno de don Emeterio o farmacéutico, un que lle era moi cazador seica; e polo anos... Polos anos de vostede, se cadra hao lembrar.

O profesor Suárez de Valcarría esperou outra interxección típica na boca do ancián; mais en lugar dela observou un tremor, no peito un arquezo e, axiña, no silencio que preocupaba a muller e o fillo, auga ao canto dos ollos. Tocara en punto sensible, pensou, e respectou o silencio do señor Manuel.

O José aproveitou para ofrecer tabaco e bisbisear:

—*No pensé que el viejo se fuera a emocionar tanto...*

Por fin, o vello Varela deuse recomposto e ofreceu explicación para todos:

—*Pero miren qué casualidad, ché, que fue don Emeterio quien me metió a emigrar para que no me mandaran a la guerra de África...*

A velada fíxose inacabable porque o fundador de *Villa Varela* non tiña sono e necesitaba ceibar as rédeas da lembranza, poldra sempre nova, avigorada polos pastos verdes que lle acercara o compatriota viaxeiro.

Contou a vida en Soacinsa, as excursións co pai sancristán a ver o mar, o salto ás Américas, os primeiros tempos co turco do *Damasco*, a decisión de gañar terra... A señora Ana caeu rendida na butaca, ao José e ao Toñito cerrábanselles os ollos. Moncho Suárez oía e oía, evocaba e seguía a oír — maldicindo a súa vidiña sen máis atrevemento que o de dar o peito aos alumnos nunha clase maldita, a

de galego, o idioma propio que os pais ensinaban a odiar aos fillos.

Cando xa se albiscaba a madrugada, de súpeto, pareceu que o velliño se esgotase; e o investigador aproveitou para buscar descanso coa desculpa de que o seu compañeiro era moi rapaz e aínda tiñan camiño por diante.

Fóronse. No ceo frío e negro dos Andes escintilaban estrelas descoñecidas. O corazón do Moncho Suárez pulsaba satisfeito.

— III —

Marabillas camiño do maior océano do mundo. Ceo azul claro, nubes brancas e grises, altísimas, quietas coma pratos. Picos brancos a fulxir, unha liña de neve a pintar todos os montes á mesma altura. Embaixo do branco, verde-negro de bosque mesto. Debaixo do verde escuro, verde azulado de mar ou azul anilado de lago. Selva infundable e, por veces, o verdor claro de herba e as cores vistosas de casas de madeira a marcar posición co fume... Dician que a Escandinavia era preciosa. Habían de ver o que o profesor Suárez de Valcarría contemplou nos seos do extremo austral da Sudamérica.

De retorno cara ao leste, pola Villa Varela acercouse a facer promesa de voltar, e a ofrecerse para levar recados. Don Manuel andaba nos galpóns da tosquía tratando cunha "comparsa" o negocio de pelar as ovelas manchadas de terra.

Tiveron conversa con el, no porche da casa, con mate e algo de présa, porque o camiño cara á cidade non permitía xogar cun inconveniente na noite. Todos os Varelas que viñeron á despedida comprendían o risco e axudaron a que o velliño abreviase.

Tomáronse fotos "para a xente de alá" e os presentes miraban con afecto ao pai e ao profesor, a quen o ancián (cousas da idade, pensou o Moncho) chamaba "neno" cunha familiaridade estraña.

Pero esa non foi a única estrañeza.

Cando chegou o momento final, don Manuel rogou a Ramón Suárez que o acompañase ao seu cuarto.

Alí, tras da porta pechada, pediulle:

—Moito che agradecería se me mirases en Galicia por unha persoa.

—Vostede dirá...

—Se cadra aínda vive, e chámase Paulina Mouzo.

—¿E de onde era?

—Iso xa non me acorda.

—¿E saberano os do centro galego?

—Se vive Rosa a mai dos Nogueiras, aínda se ha de saber.

Despedíronse.

O peor dos anciáns era que cada despedida podía ser a derradeira, comentoulle o Moncho ao Toñito Rey; e seguiron camiño entre o po...

Nos días últimos pola cidade do petróleo, o profesor empeñouse en conseguir datos de Paulina Mouzo, a quen a avoa dos Nogueiras, dona Rosa, situou como xefa súa durante un breve tempo. Ao desembarcar, a Rosa traballara de *mucama* de cuarto no *Hotel Damasco*, “o do turco Braín”. Alí moraba, e facía de gobernanta, a Paulina. “Entre aquelas latas” tamén se hospedara Manuel Varela, que lle mandaba cartas á Paulina, ata mesmo despois de ela ter marchado.

¿A onde?

Dona Rosa non o lembraba, non daba lembrado, pobre da súa cabeciña...

Os directivos do centro galego rivalizaron por seguir as trazas daquela paisana. Levaron o Suárez ás oficinas do xornal vello e alí remexeron na hemeroteca.

Atoparon reportaxes dun tal Acuña que escribía parágrafos curtos, precisos. Había varias sobre a fronteira sen delimitar, unha delas titulada *El Boliche de Varela*. Nela aparecía o bolicheiro fotografado con cabalo, cans, Winchester e revólver. Manuel Varela, daquela mozo garrido, lucía bigote á Kaiser, “xa fóra de moda” segundo o autor da crónica.

O Acuña tamén se ocupara, con fotos, do *Damasco* e o seu dono, “o sirio Ibrahim Hadat”, tipo de

ollos afundidos, o cello xunto como traza de pelo a marcarlle o límite inferior da fronte.

Fixéronlle fotocopias da páxinas e o Moncho gardounas, moi interesado polo referente ao boliche fronteirizo e sen dar importancia ao do hoteliño, “primeiro establecemento do seu ramo” na cidade .

Mais, a pesar daquela abundancia de datos xornalísticos, quedou insatisfeito. Porque o seu interese, morboso, estaba en Paulina Mouzo, que non aparecía mencionada a xunto dos homes cos que compartira residencia, traballo e, no caso de Manuel Varela (como se sospeitaba doadamente), algo máis.

Foi unha rapaza lista do coro do centro, que miraba con ollos derretidos para o profesor, a que lle deu cumprida satisfacción, cun comentario en galego forzado, abrasileirado:

—Isto é para que você volva...

Carmiña, a rapariga ofrecida, traballaba na fiscalía e soubo dar co fío da historia entre cartapacios do xulgado e dos sindicatos:

Paulina Mouzo Veiga xurdía neles con todo detalle de filiación e procedencia pola curiosa razón de ter chegado tarde. Nestas terras de aventura era así: reclamáraa o marido e, cando ela chegou, el era defunto. Atopárano conxelado no camiño do interior. O desgrazado chamábase Modesto López Iglesias.

Nun alarde de celo policiaco, a Carme conseguira copias das fotos do matrimonio, conservadas de milagre en calquera faiado. A Paulina era unha morena moi bonita, o Modesto un louro de faccións bastas, avultadas. Moncho Suárez pensou que a viúva non fixera mal en ter amores cun tipo tan ben feito como era o Manuel de Soacinsa. Mesmo cavilou que hai amores e amores, algúns que acompañan, silandeiros se cadra, ata a cova...

Nas horas e horas do avión de regreso, andoulle pola cabeza escribir unha historia de paixóns caladas no *Damasco*. Darían argumento unha cidade de aluvión feita de latas, dous galegos namorados e un sirio a vixiar; e o título era doado, inevitable, "Hotel Damasco".

Se apertaba escribindo, calculou, poderíaa mandar ao Blanco-Amor, premio que se convocaba no verán do outro hemisferio.

A emigración era fonte inesgotable de historias. Se os galegos fosen xente con cabeza, velái

unha veta para literatura mesmo con "selo de garantía".

— IV —

O Moncho non tardou en deixarse caer pola editorial coa idea. O editor viu que pagaba a pena perder o tempo e gastar os cartos con el e alá se meteron nun xantar animoso. O Suárez xa tiña un plano trazado:

—Primeiro vou ir ver o meu pai para falarlle do Varela, a ver se lembra algo del... Se lembra, claro, porque o meu vello era pequeno cando o Manuel se foi. E, digo eu, como non fose alguén moi ligado á casa, raramente ía falar don Emeterio dun que el protexera para que non o mandasen a Marrocos... Despois teño que ver que hai desa Paulina. Alí non atopei ninguén que soubese dela desde que se foi. So hai unha papeleta da fiscalía indicando que "se ausentou para a capital da República"; pero vai ti saber se seguiu camiño de volta cara aquí ou se desapareceu no marasmo daquela megalópole de tolos tangueros... De calquera forma, teño ben claro o dato de onde naceu e casou, e vou andar por esa parroquia para buscar ambientación.

Ao editor apetecíalle abrir "unha serie de docudramas" e declarou que "nada sería tan oportuno coma os da emigración".

O Moncho foi a Santiago, fixo unha visita de agradecemento ao secretario xeral encargado da emigración, entregoulle os presentes do "centro galego da capital do petróleo e o vento" e contoulle as ideas do editor. O político ofreceu o seu apoio ao posible libro "sempre que houberese respecto polas persoas". E concluíu, rotundo:

—A galegidade aliméntase diso; de epopeas coma a do Varela en terra de ninguén. Todos os pobos teñen a necesidade de crearen mitos...

A seguinte visita do Moncho foi ás altas terras da familia, para falar co pai e mais co primo Fidel, farmacéutico desta xeración e xefe político seguindo a tradición dos Suárez de Valcarría: alcalde xurdido

das urnas.

O pai non lembraba nada do tal Varela, aínda que lle gustou moito saber que tivese saído da parroquia de San Fiz tipo tan afouto, capaz de fundar poboacións nas abas dos Andes. A fotografía fotocopiada do fulano con bigote puntiagudo e rifle ao colo, pareceulle "mesmo para enmarcar"; e desde a butaca apuntou para o retrato a óleo que presidía a sala, o de don Emeterio, con bata branca de farmacéutico e mostacho á Kaiser.

—Non lle ficaba mal ao lado —concluíu.

Pai e curmán propuxéronlle ao viaxeiro galeguista que falase cos correspondentes dos xornais na vila; que contase a historia de Villa Varela. Pero o Moncho preferiu calar e ser el quen escribise con xeito o que un pailán podía estragar.

Antes de retornar ao seu, pediulle ao Fidel que como rexedor fixese dúas cartas, unha para o presidente daquel centro galego da fin do Mundo e outra para o propio don Manuel...

Pasaron os días, cada un co seu afán e, de volta por Santiago para arranxar os cursos de doutoramento, topouse co Fidel e un grupo de políticos a circular pola rúa do Hórreo.

—¡Monchiño! —o curmán desculpouse da xente principal e fixo un aparte:— Oíches, esta non a imaxinas, neno: se o Manuel Varela García é o de Soacinsa, e el che dixo que era o fillo do sancristán de San Fiz de Lamas..., pois nada diso: non é fillo senón fillastro do sancristán. De quen é fillo o paisano é ¡do avó Emeterio!... Vamos, iso é o que din todos os que son tan vellos coma el, que algún queda: que o fillo da muller daquel sancristán era do farmacéutico: en Soacinsa téñencho aínda como cousa de prestixio... Así que, xa ves: na familia temos un conquistador do Novo Mundo...

De súpeto comprendeu o Moncho por que o señor Manuel calara como calou, chorosamente, cando lle descubriu a propia filiación. Vendo marchar o primo, apoderouse del un sentimento brando, cordial, poderoso; e unha ansia de voar de novo a un puntíño mínimo no mapa vastísimo da América Austral.

Por fortuna, a *aurea mediocritas* de profesor non lle permitía luxos, abandonos repentinos da tarefa diaria, viaxes, pescudas no lonxe.

Sabía algo importante, que lle faría ter tento co que escribía, ser delicado con aquel emigrante

do seu sangue, condición que o ancián lle ocultara por pudor.

Agora debía cumprir con el, darlle satisfaccións en vida. A carta do señor alcalde había ser unha satisfacción. Outra, sería o seu informe sobre o que chegase a saber da señora Paulina.

— V —

Era mañá inclemente, con anuncios de Nadal na fachada do *Corte Inglés*, cando Moncho Suárez de Valcarría saíu disposto á investigación. Deixara a familia na casa dos sogros e foise indo; no asento de atrás do coche levaba a carpeta con todo o referente ao caso: as fotocopias e as copias de fotografía que lle subministrara a Carmiña.

Chegou polo medio día e deixou o coche a pé dun letreiro metálico de pensos. Non lonxe quedaba a igrexa co cemiterio, e unha casa abacial de boa pedra cun letreiro de azulexos a corroborar o que escribiran os amanuenses de alén do Atlántico: *Iglesario*.

Choviñaba unha auga fría e ventosa que lle fixo arrouparse na primeira inspección. Buscou entre nichos e covas. Repetíase o apelido Mouzo pero non daba atopado ningunha Paulina.

Ata que puxo os ollos nun mausoleo "propiedad de la familia López Cabaleiro". Curiosamente, alí estaba enterrada dona Paulina Mouzo Veiga, falecida había pouco. Unhas flores abatidas pola invernía daban testemuña do enterramento recente.

Moncho Suárez maldiciu os seus enguedellos: velaí como, por culpa deles, non coñecera en vida o grande amor (que iso tería sido, sen dúbida) do Manuel Varela; quedara quizais sen transmitirlle á muller ese algo especial que moven consigo as persoas que tocan dous seres distantes. ¡Putá existencia inútil, de profesor de bacharelato!

Irritado consigo propio, saíu cara ao adro elaborando unha suposición: a Paulina desencontrárase co Manuel e volvera, viúva e sen familia; fora acollida por eses López Cabaleiro e acabara atendida por eles nos seus momentos finais...

Na igrexa movíase xente, debía ser final da misa e alguén o había de informar, algún veciño do *Iglesario* que aparecía nos papeis americanos da defunta.

Preguntou a un patronciño ben apertrechado de peliza e pucha:

—Mire, señor, ¿pódeme dicir onde vive a familia López Cabaleiro?

—López Cabaleiro... —o home botou a pucha para atrás e rañou a testa. Viu que se acercaba outro vellote e transmitiulle a pregunta:— ¿Oíches, Servando? ¿E quen son os López Cabaleiro?

—Os do Ghitano, ho...

Segundo lle indicaron, o Moncho meteu o coche polo camiño enlameado ata o transformador de Fenosa. Alí baixou e seguiu a camiñar, a carpetiña dos papeis arroupada co chaquetón, acalentada contra o seu peito.

Un rapaz moreno, cun cabelo mesto que lle deixaba escasa fronte, esforzábbase no alpendre por botar a andar unha motoserra.

—Mira, por favor, ¿é aquí a casa de López Cabaleiro? —interrompeuno.

O mozo pousou o artefacto e percorreu a figura do intruso cun ollar rápido, antes de dar resposta:

—Eu son Modesto López Cabaleiro.

Unha luciña acendeuse no maxín do profesor Suárez.

—Mira, a min mandáronme da Xunta a dar un curso... —espraíouse para facilitar a confianza e o interlocutor parecía saber do que lle falaba—. O caso é —rematou— que do centro galego tentan saber dunha señora que se chama Paulina Mouzo.

—¿E que lle querían?

—Nada, ho. Saber dela, xa che digo; e darlle memorias da xente de alá...

—Xa... Pois éralle a miña avoa —houbo receo na aclaración feita entre dentes. Entón o Moncho tirou da carpetiña a foto da Paulina e mostroulla ao neto.

—Toma, é para vós...

O Modesto abriuse:

—¿E vai querer ver o meu pai?

—Se se pode...

—Vai na feira pero logo lle vén. Pase, que tomamos un café e un coñá, que vai un frío de moito nabo...

— VI —

Pasaron á casa: tresillo de coiro falso, mesiña con mantel floreado, televisor. No alto da parede, un retrato de matrimonio, loxicamente o López e a Cabaleiro, ou a Cabaleiro e o López, damas sempre por diante. A muller tiña a cara redonda, como esmagada, do rapaz; o home... O Moncho non podía dar creto aos seus ollos. Abriu a carpetiña para cerciorarse: o trazo era único, non permitía dubidar, parecía esaxeración de caricatura: cello sen división sobre o nariz aquilino, o mirar afundido, sombreado...

—Modesto, ¿e logo a señora Paulina é a mai de teu pai?

—Era, que morreu aínda fixo un mes antonte.

—Vaia, ho, síntoo. ¿E o teu pai naceu aquí ou alá?

—Alá, pero non onde estaban os avós, seica. Porque a velliña contaba que o avó morrera nun accidente e ela foise "á capital", como ela dicía, pobriña. Alí traballou na casa dun médico e despois veuse porque lle morreron as tías e herdou, que todo isto noso e mais o de Souto e o dos Liñares era das vellas aquelas.

Serviron café e copa, tiraron de cigarro e fóronse abrindo en conversas: o Modesto era o máis novo da familia. Os irmáns fixéranse todos mecánicos e el quedara na casa. Agora andáballe na cabeza meterse a producir verduras con invernadoiros...

Tardaban en vir os vellos e o profesor andaba roído de curiosidades:

—Mira, Modesto, ¿e tedes fotos do pai do teu pai?

—Pois non. A avoa dicía que fora perdendo moita cousa, de viaxar.

—Xa...

Por fin, o ruído dun motor superou o das bátegas de auga nos vidros e Moncho Suárez soubo que andaba próximo a comprobar, fisicamente, algo que non debía contarse.

Abriuse a porta e entraron os donos da casa. Puxeron caras de abraio e o visitante tivo que precipitarse a dar explicacións mentres observaba aquel personaxe alcumado de Ghitano na aldea, onde só se sabía algo de xenética no caso de inseminar vacas.

O bo do home tiña moito de oriental; pero non de aborixe da India senón de árabe, damasceno...

Modesto López Mouzo foi tirando o chaquetón e sentando; bebeu coñac en horas xa de aperitivo e recoñeceu fillo póstumo do pai, morto nun accidente. A súa mai queridiña fora todo para el; sendo linda (correulle unha bágoa gorda pola meixela ao ver a foto que lle tendía o fillo, regalo do profesor); sendo bonita (limpou a bágoa coa manga da camisa), nunca volveu casar e dedicouse toda a vida a el e á igrexa.

Mentres falaba o Ghitano, o Moncho suxeitaba con medo a carpetiña das fotocopias e as fotos; e ata chegou a temer un descoido ou mesmo un accidente que permitise a aquelas almas de Deus deduciren o que el deducira.

Cando —inevitabilmente— o convidaban a xantar, inventou a escusa de xa estar convidado polos profesores do instituto da vila máis próxima.

E botouse á chuvia.

No limiar aínda tratou de saber máis:

—Señor Modesto, seu pai non era de aquí, ¿non?

—Non, miña mai andaba a servir en Ferrol e el estaba na comandancia de Mariña cando se atoparon. El era da parte de Vigo.

—Xa... Que historias as dos vellos.

—Tanta xente levaría a emigración... —filosofou o Ghitano.

Adeus. O temporal fixolle difícil o camiño ao intento de escritor (que se dedicaba a explicar na aula vidas e traballos dos escritores). Baixo o azoute da chuvia deu en pensar. Tiña fame e pensaba. Conducía sen parar.

Chegando á cidade pola que transcorría o seu pulular mal rumbeado, tomou a decisión de

escribir unha historia amarga, con todas as consecuencias.

Poucas consecuencias... Porque, á fin das contas, en Galicia non había un sistema literario normal. Os López Cabaleiro xamais chegarían a deducir a súa relación cun "turco"; porque nunca lerían ningún libro en galego, que era o seu idioma verdadeiro.

Quizais os da aldea non, pero os fillos dos mecánicos... Boh, só o habían ler sometidos á tortura do profesor, a contrafío; e sen referencias ao que puidese semellar a historia dos seus maiores.

Encerrando o coche no garaxe ceibou unha gargallada. Ría das transcendencias. Merda, señores, merda: agora que tiña algo bo para contar, contaríao por facer fábula.

Fabularía por divertirse, tan inutilmente como quen se dedica á papiroflexia.

E o título, enganoso, soaba ben: *Hotel Damasco*.